

# O LIBRO DE IMAXES

[Jean-Luc Godard, 2018]

# 489

ESTREA EN NUMAX: 22.02.2019 | V.O.S.E. | +16

*Le livre d'image* (2018, 90')

**Dirección:** Jean-Luc Godard

**Guión:** Jean-Luc Godard

**Son:** Michael Koderisch

**Montaxe:** Jean-Luc Godard

**Fotografía:** Fabrice Aragno

**Produtoras:** Wild Bunch (Suíza, Francia)

**Distribuidora:** Avalon

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.78:1

**Idioma orixinal:** Francés, inglés, árabe, italiano, alemán

## PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2018 (Palma de Ouro Especial),  
Donostia 2018 (Zabaltegi)

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Adeus á linguaxe*, 2014

*Elogio del amor*, 2001

*Histoire(s) du cinéma*, 1988

*Aquí y allá*, 1976

*La chinoise*, 1967

*Vivir su vida*, 1962

*Al final de la escapada*, 1959

## SINOPSE

Nada agás silencio. Nada agás unha canción revolucionaria. Unha historia en cinco capítulos, como os cinco dedos dunha man.

«É Godard coma sempre e coma nunca antes. Volcánico, lúcido e inexplicábel»

Luis Martínez, EL MUNDO

Filme subtitulado ao galego co apoio da  
Secretaría Xeral de Política Lingüística



## Carta a Jean-Luc Godard

Por Bernard Eisenschitz

Estimado Jean-Luc, Grazas por convidarme a ver *O libro de imaxes*. Vostede recrea un material moi pictórico con diferentes fontes e formatos. Deforma a imaxe, múdalle a cor, auméntaa ou reencádraa. Bolqueou toda sedución procedente de imaxes, de texto, tateou, tremeulle a voz, interrompeu, tapou. Hai constantes interrupcións, divididas entre o que se representa e o cinematógrafo, co seu debido desenvolvemento, as súas perforacións, a súa descomposición. Encontra a descontinuidade con medios dixitais.

A fermosa e precisa definición do contrapunto dános a clave. Ondas, chamuscas, bombardeos, exércitos, historia e o mundo como un espectáculo, entroncado ao Dovjenko ou Vidor. Unha gran sinfonía. Pero non para contala como unha historia. Xa non é cinema. Como dixo o primeiro lector de *Moby-dick* (segundo Giono): — Isto non é un libro. — Non, dixo Melville.

Isto non o fai a vostede popular, fronte ao mundo dixital que mostra todo e non agocha nada (iso sentía eu nos filmes de Vigo e agardo telo evitado ao final). Isto supoñendo que entendamos o que vostede tenta dicirnos. Iso é o incríbel do

seu filme. De feito, «é necesario chamar a atención». Pero non se demostrou así, como ás veces se di, co goberno das feras de Víctor Hugo. Marx inventou as adaptacións no seu *Luis Napoleón*. A historia repétese pero xa non como unha farsa. Os desacertos morais confúndense cos crimes de estado. Hai crimes que só existen pola guerra. A humanidade estase a destruír a si mesma. Desde hai anos, a guerra estivo en todas partes, cada vez máis literalmente, no sentido de Goya ou de Joseph de Maistre (así podemos explicar a presenza deste último).

A adaptación segue. Dicar que *O libro de imaxes* é moi valente e que non ten precedentes é unha trivialidade. Pero esa é a sensación que me dá. É certo, como din os mozos que escriben en *Lundi matin*, que vostede é único, etc. Vostede tratou temas históricos, pensando que para iso debía usarse o cinema. Desde *Histoire(s) du cinéma* (1988) sempre se trataba diso, non da cinefilia que conta as súas pequenas historias. Esta vez o que importa é a historia.

De feito, vostede non está a deixar de costas o cinema, só que xa non é o predominante. É tan útil como o estuche onde o analfabeto de Fuller atopa axiña as letras da imprenta. Vostede quédase co personaxe, o xeroglífico co que soña Eisenstein. (As súas tres aparicións tamén son magníficas: o moucho, as súas mans sobre a Biblia e o cabaleiro teutón. Quería construír a súa catedral das artes el só. A súa resistencia xa era a da esperanza e tamén a da soidade). Vostede atopa todas as imaxes nos filmes e en pésimos noticieiros. Só é xustiza. Moito mellor se

Ridley Scott servise para cumprir unha encarga de impresión.

E para non se arredar do cinema, o único que se precisa son as tomas longas d'*O pracer* (Max Ophüls, 1951) onde vemos corpos en movemento, dando unha definición de si mesmos. O pensamento desenvólvese a través de imaxes e sons (“un pensamento / virá / continuará” como un collage que fixo unha amiga utilizando textos da pantalla de *Histoire(s) du cinéma*).

É un bloque e artéllase como os cinco dedos... outra de tantas cousas que non entendía no papel. Por último, aínda que a reutilización de *Histoire(s)* é o que menos me interesa, gústame a idea da inmortalidade a través de filmes líquidos, desde *Vertigo* (Alfred Hitchcock, 1958) a *Pasión baixo la niebla* (King Vidor, 1952) pasando por *Torrentes humanos* (Frank Borzage, 1929). E os intres de paz dunha Arabia feliz, onde vexo a ledicia de Barnett: unha posta de sol, un barco aboaiando no mar, os recantos do Magreb que xogan para unha Arabia que todos temos detrás dos nosos ollos.

De novo, grazas. Un saúdo cordial.  
B.E.

\*Bernard Eisenschitz é un historiador e crítico de cinema francés, autor da edición definitiva da *Historia General del Cine* de George Sadoul, e de célebres estudos sobre a obra de Fritz Lang, Nicholas Ray, Chris Marker ou Robert Kramer entre outros.

### NA LIBRARÍA NUMAX

***Histoire(s) du cinéma*, Jean-Luc Godard.**  
Gallimard, 2006

***Historias de cine*, Jean-Luc Godard.**  
Caja Negra, 2007

***A propósito de Godard*, Harun Farocki / Kaja Silverman.** Caja Negra, 2016

***Histoire(s) du cinéma*, Jean-Luc Godard.**  
Intermedio [DVD]

***Al final de la escapada*, Jean-Luc Godard.**  
StudioCanal [BR / DVD]

***Adiós al lenguaje*, Jean-Luc Godard.** *Vertigo* [BR]

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org

**4€**  
**Fait NUMAX!**  
**Abónat agora e ven sempre por**